

COUSAS DE barbanza

Revista de
información local
nº1 / 2012



**AUGA
DE VIDA**
| 4

**PRAIAS DE
BANDEIRA**
| 6

**A LENDA DA
SANTA COMPAÑA**
| 10

**OLLOS QUE
NON VEN**
| 16



Busca en Galicia a garantía de calidade e servizo



Q é unha certificación do Instituto de Calidade Turística Española que garante a calidade do servizo. Búscala en hoteis, balnearios, restaurantes, espazos naturais protexidos, casas rurais, axencias de viaxes e campamentos turísticos de Galicia...

Para máis información, chama ao **+ 34 902 200 432**

ÍNDICE

- 4 MEDIO AMBIENTE
- 6 NATURZA
- 7 NOVAS ...
- 10 LENDAS
- 12 OCIO
- 14 RUTA
- 16 SAÚDE
- 18 AXENDA
- 20 DIRECTORIO
- 22 QUEN É QUEN

Nº 1/2012

Revista de información local

Xestión Publicidade:

986 447 337/626 993 480

Edita:

EDICIONES BASÁN, S.L.

C/ López de Neira, 3-3º.

36202 Vigo

Redacción:

QUATROYMEDIA COMUNICACIÓN

Depósito Legal:

C 2475-2012

Distribución:

PUBLICITY

A empresa se reserva todos os dereitos da publicación, sin que poida reproducirse total ou parcialmente o seu contido, sen o consentimento previo dos editores.

AUGA DE VIDA

A auga é un dos recursos máis importantes e imprescindibles para o desenvolvemento da vida, motivo polo cal é fundamental protexer a súa utilización e, polo tanto, o seu correcto uso. Non en balde, mentres que en determinadas zonas do noso planeta hai seca e millóns de persoas morren por falta de auga, no mundo occidental a disponibilidad de auga potable apenas se valora. Por todo iso, os nosos hábitos de consumo tan despreocupados como irresponsables, o aumento da concentración da poboación mundial, a contaminación das fontes básicas de obtención e outros factores provocaron que moitos expertos na materia sitúen o aforro no consumo da auga como un dos principais focos de preocupación medio-ambiental. Ademais disto, e pensando en termos exclusivamente económicos, poderemos aforrar uns euros cada mes, ao tempo que protexeremos o medio ambiente.

A auga é indispensable para toda a humanidade, así como para todos os seres vivos que habitan o planeta Terra. Dela non só dependemos para vivir, senón que é esencial para un desenvolvemento económico sustentable. Sen auga é completamente imposible que se de vida. Na Terra, onde a auga é un ben real, o seu uso adecuado e sustentable permite o desenvolvemento económico, e pola contra o difícil acceso á auga potable provoca enfermidades e condena a poboacións enteiras.

O volume de auga existente sobre o noso planeta, que é de aproximadamente 1.400 millóns de km³, permanece inalterado desde que se iniciou a vida na Terra hai cinco mil millóns de anos. Non obstante, unha gran parte desta auga está salgada, como consecuencia do proceso de salinización sufrido ao infiltrarse entre os minerais da coroa terrestre. Nun balance xeral, dos 1.400 millóns de km³ de auga distribuídos polo mundo, só 33 millóns son de auga doce. E desta cantidade habería que descontar o 87,3% que está en forma de xeo nos casquetes polares e glaciares, e o 12,3% que constitúe a auga subterránea. Ao final, queda tan só un 0,4% de auga utilizable, en volume 140.000 km³. Esta cantidade, a súa vez, está nun incesante movemento de evaporación ou escorren-

tía, no fenómeno denominado ciclo hidrolóxico ou ciclo da auga. Polo tanto, a cantidade de auga realmente aproveitable é moi pequena, auga sometida ademais a numerosas fontes de contaminación, polo que debe ser utilizada racionalmente.

Á súa vez, o feito de que augas fecais ou sinxelamente auga evacuada circule polo mesmo lugar por onde o fan as persoas supón un elevado risco para a saúde destas, aumentando o nivel de enfermidades e dificultando o desenrolo da poboación afectada.

A inversión en infraestruturas, xa sexa alcantarillado para encouzar as augas evacuadas ou facilitando o acceso á auga potable á totalidade da poboación do planeta, son aspectos nos que se debe incidir para que a auga se converta nun dereito e deixe de ser un privilexio. O simple feito de aforrar auga nas nosas tarefas cotiás significa estar colaborando para conservar un recurso indispensable para a vida; pensemos que máis de mil millóns de persoas non dispoñen de auga potable limpa e máis de 2.000 millóns non posúen saneamentos garantidos.

10 CONSELLOS PARA AFORRAR AUGA:

1. Pechar a billa mentres un se lava os dentes ou se afeita, e poñer o tapón mentres se frega. Cada vez que se pecha a billa mentres nos lavamos os dentes aforraremos uns 20 litros ao mes.
2. Ducharse en vez de bañarse. Reducir o tempo en que a billa permanece aberto nos permitirá aforrar ata 90 litros en 5 minutos.
3. Reparar as billas ou a cisterna que gotean.
4. Colocar difusores nas billas permitirá un aforro do 50% de auga e do 40% de enerxía. Convén lembrar que os sistemas mono-mando son os máis eficientes.
5. Tirar da cadea do inodoro cando sexa necesario. Colocando unha botella chea de area o auga na cisterna aforraremos 1 litro de auga cada vez.
6. Utilizar a lavadora ou o lava-vaixelas cando estean cheos, para consumir 100 litros no primeiro caso e 50 no segundo, cada vez.
7. Evitar as fugas de auga, xa que unha gota por segundo son 30 litros ó día.
8. Ao mercar un electrodoméstico deberemos asegurarnos de que sexa de baixo consumo.
9. Esixir ao Concello que se reguen os Parques Públicos e limpeza das rúas con auga reciclada.
10. Non lavar o coche por sistema.




CENTRO RIVEIRA

Pilates

Un entrenamiento más equilibrado y compensado,
los resultados se aprecian en pocas semanas.

Las manos exploran y tratan, nos ofrecen la información más fiable

Fisioterapia-Osteopatía



Clínica Centro
www.centrodefisioterapiaypilates.com

SANTIAGO DE COMPOSTELA C/ La Rosa 22-Tif 981574600 902116536

RIVEIRA C/ Nueve de agosto 12- Tif. 981875067

NOIA C/ Arximiro Suárez 2-Tif 981820992

BOIRO C /Derechos Humanos 11- Tif 981844253

MUROS C/ Calle Real 12-Tif 981827412

PRAIAS DE BANDEIRA NA POBRA

O concello da Pobra do Caramiñal ven de adquirir en leasing por 5 anos unha nova máquina limpiapraias que manterá os arenais da Pobra nunhas condicións perfectamente saneadas durante a época estival, substituindo a antiga máquina que contaba xa con 13 anos. O responsable da Concellaría de Servizos, Andrés Millán, propuxo a adquisición desta máquina co obxecto de ter as praias do concello nas condicións máis axeitadas e sobre todo aquelas nas que ondea a Bandeira Azul xa que os requisitos para mantela son este ano moito máis estrictos. A nova máquina (fabricada en España) foi adquirida á empresa Unicor, con un custe total de 43.660 euros e conta con tracción ás catro rodas, sistema de limpeza por malla cribadora en profundidade e 3 rodillos vibradores.



Das dezanove praias da comarca distinguidas con bandeira azul, dúas pertencen ao concello da Pobra: a praia de Cabío-Lombiña e a praia da Illa da Laxe.

A praia da e Cabío-Lombiña é a máis coñecida e concorrida do concello coa súa característica forma de enseada de area branca. Posúe servizo de vixilancia durante o verán, limpeza diaria e posto da Cruz Vermella. Tamén posúe unha grande oferta lúdica de xogos de auga e unha zona arborizada conformada por un piñeiral que abraza o areal, que é un dos principais atractivos desta praia. Asemade, nas súas inmediacións hai un cámping e aloxamentos de turismo rural.

O illote da "Illa dos Ratos" e as puntas de pedra que a separan das praias de Cabío e A Corna, flanquean o extenso areal da Illa da Laxe, a outra bandeira azul da Pobra. Posúe un enorme futuro turístico e é moi apreciada polo estado natural da súa paisaxe, sen paseos artificiais. Está rodeada dun belo piñeiral. Tamén ten forma de enseada e posúe area branca.



XA CHEGA O CARME DOS PINCHEIROS

Cos seus cinco xigantes e vinteún cabezudos, a comparsa da confraría do Carme dos Pincheiros é hoxe por poxe a maior agrupación de xigantes de Galicia e conta cunha tradición documentada desde principios do século XX. Os xigantes e cabezudos farán este ano varias saídas polas rúas da vila no transcurso da festas patronais na honra da Virxe do Carmen que se celebrarán na terceira semana de agosto, acompañados coma sempre de grupos de gaitas e charangas.

Os xa centenarios pasacalles cos cabezudos saíron ininterrompidamente durante sesenta anos, ata 1970, cando o deterioro dos xigantes e dos cabezudos e o decaemento da confraría e da propia festa fixo que deixaran de saír ou o fixeran de xeito anecdótico ata que en 1985 decideuse dar novos pulos á confraría, procedendo en anos sucesivos a mercar novos xigantes e cabezudos. Así, por exemplo en 1994 incorporouse a Eliseo, peza de encargo, única e de notable calidade que representa a un pescador local. En canto ao grupo de 21 cabezudos, son de diversas fechas y procedencias e representan maioritariamente a personaxes de comic e ficción xunto a outras figuras como un garda municipal, un alienixena, un roqueiro, etc. Soen pechar o cortexo dous cabaliños escoltando ao cabezudo policía.



FESTA DA XOUBA EN RIANXO

O vindeiro 25 de xullo, luns, Rianxo conmemorará a XVIII Festa degustación da Xouba, no Campo de Arriba e na Praza de Castelao.

A festa dará comezo ás 11:30 horas cos pasarúas a cargo do Grupo de Gaitas Río de Anxo.

A partir das 12:00 e ata as 18:00 horas poderanse degustar a prezos populares as racións de xouba fritida con pementos e en empanada acompañadas de pan de millo e viño albariño ou mencia, así como mexillóns ao vapor. Xa pola tarde, a partir das 18:30 horas celebrarase un Certame de platos de xoubas e unha Exposición de patelas de xouba fresca, entregándose a partir das 19:30 horas os premios aos gañadores. Tralo cal terá lugar a actuación do Grupo de Baile e Música Tradicional Alevosía de Rianxo.








Los Abetos
 Mucho más que sabor desde hace 28 años
 Avda. Val Miñor 89 36350 Nigrán · Pontevedra
 Telfs. +34 986 368 147 · +34 986 368 387
 losabetos@losabetos.com

OS MAIORES DE RIVEIRA VAN DE VIAXE



O Concello de Riveira programou para este verán diferentes viaxes culturais para maiores. Tres das saídas organizadas para a época estival discurrirán por mar, levando aos participantes pola ría de Ferrol, pola de Arousa e ata a illa de Sálvora; mentres que as outras saídas centraranse na Costa da Morte, Norte de Portugal e Cambados.

Estas excursións culturais están

dirixidas a todas as persoas que superen os 60 anos e estean empadroadas no concello de Ribeira, así como aquelas que sendo maiores de 55 xa estean xubiladas. Os interesados en inscribirse deberán facelo no departamento de Servizos Sociais Comunitarios. A última destas viaxes está prevista para o 21 de setembro.

BOIRO CONVÍDANOS A ROMARÍA DE NEIXÓN



A popular Romaría de Neixón celebrarase este ano o domingo 12 de agosto, en torno ao xacemento arqueolóxico dos castros.

As 11:30 da mañá sairán dúas procesións desde a Igrexa parroquial de Cespón. Unha delas levará a imaxe da Virxe do Carme e a outra a de San Xosé. O recorrido destas procesións terá dous itinerarios: unha vai por Nine e outra por Quintero, para logo xuntarse en Neixón. Ao rematar as procesións, celebrarase unha misa campestre, trala cal terá lugar unha sesión vermouh amenizada por unha orquestra e polos gaiteros. Tralo cal comezará unha sardiñada que, coma cada ano, se prolongará ata a noite.

FESTA DA DORNA 2012

Como cada ano, Riveira atraerá este verán a milleiros de visitantes dispostos a disfrutar da súa tradicional Festa da Dorna; unha festa que se celebrou por vez primeira o 24 de Xullo de 1948, grazas ao pulo e a ilusión dun grupo de amigos da troula e da dorna. Aínda que durante corenta anos se celebrou un só día, desde finais dos 80 foi a máis ata extenderse a caseque unha semana de confraternidade entre distintas peñas que participan cun increíble sentido do humor en xogos do mar, xogos de terra, presumen das embarcacións feitas á machada e toman parte no popular descenso de carrilanas, no guateque, na queimada, na sardiñada, nos pasarrúas ou no concerto. Riveira prepárase para vivir en torno ao 24 de xullo unha nova edición da Festa da Dorna, recoñecida como Festa de Interese Turístico con carácter autonómico.





A LINGUA MÁIS SABOROSA En galego, da mañá á noite

Os locais Hostal Antolín, Bar Aifos, Cafetería Sol, O Café da Vila, Mesón La Isla, Bar A Cova e Churrería Pepe participarán na campaña de normalización "A lingua máis saborosa" organizada pola Concellaría de Normalización en colaboración coa Asociación de Empresarios de Redondela.

A obxectivo desta acción conxunta é achegar á hostalaría local- un dos sectores máis dinámicos e con máis repercusión social da actividade empresarial- recursos novidosos para estimular a utilización da lingua galega como lingua preferente nas súas relacións cos clientes, na oferta de servizos e produtos, e na súa publicidade.

A campaña, que estará visible a través de soportes de menús do día ou cartas, e panos de mesa co agradecemento "Grazas por escollernos", incluírá carteis publi-

citarios e dípticos coa promoción da mesma e un glosario de termos da hostalaría e os seus produtos. Deste xeito a lingua galega estará presente na hostalaría redondelá como un sinal de identidade e de orgullo do propio, pero tamén co agradecemento a toda a xente que usa os seus servizos.

Ao sumárense a esta iniciativa os establecementos hostaleiros adquiren tamén un compromiso de continuidade, a progresiva galeguización de todos os soportes do seu establecemento, e a utilización da lingua galega como lingua preferente. Para lles facilitar este labor, o Servizo de Normalización Lingüística (SNL) estará á súa disposición para corrixir e redactar a publicidade, páxinas web, folletos informativos, cartas, menús e todos os carteis ou indicadores do local.

DESCUBRA UN DESTINO ÚNICO Y DÉJESE SEDUCIR POR NUESTROS ENCANTOS



Para visitas guiadas y
reservas llamen al teléfono

986 55 55 62

(pax de contacto Carolina)



La bodega Agro de Bazán es el marco ideal para disfrutar de la apasionante cultura del vino y acompañado de la mejor gastronomía autóctona.

Disponemos de los mejores marcos para acertar, bellos y elegantes salones, medios técnicos y cualificados equipos humanos.

Le ayudamos a elegir el mejor espacio para un servicio totalmente personalizado en banquetes nupciales, comidas de empresa, congresos, convenciones, etc....

Todo está cuidado para el mejor servicio la arquitectura, a la belleza y como no a nuestros visitantes.

Tremoedo 46 , 36628 (Vilanova de Arousa) Pontevedra
comercial@agrodebazansa.es, www.agrodebazansa.es

Coordenadas GPS:
w 8.78697- N 42.53989



A SANTA COMPAÑA

Conta a tradición que a Santa Compañía é unha procesión de mortos ou ánimas en pena que percorren os camiños dunha parroquia, pero a crenza na Santa Compañía, en opinión de Vicente Risco, está rexistrada por fontes vencellada a tradicións europeas de raigame diferente ao cristianismo e anteriores no tempo.

Segundo o Dicionario dos seres míticos galegos, os termos Santa Compañía e Santa Compañía son nomes erróneos por contaminación culta, aínda que poidan usarse de xeito eufemísticos nalgunhas, dado que a Compañía non é santa. A expresión vén do "sanctam cum pania", que pode asemellarse a "santa compañía". Non obstante, unha tradución máis literal sería "que comen do mesmo pan", refiríndose ao convite funeral no cal as ánimas levan os vivos para a procesión, sendo necesario finxir comer os manxares propostos e comendo un alimento propio aínda que sexa pan que se leve no bolsillo para librarse. A vixencia deste mito de relación dos vivos e dos mortos na sociedade galega recoñécese polos testemuños de fontes escritas ao longo da historia e polas hipóteses de estudos. Na súa función de mito, a disgregación da crenza ilustra a desestruturación e a desintegración das partes constituíntes da antiga sociedade galega, é dicir, a desaparición dun estilo de vida tradicional anterior que se constrúe dende a urbanización e a industrialización modernas. Polo tanto a cultura popular de finais do século XX e comezos do XXI considera a Santa Compañía como unha das lendas da mitoloxía popular galega máis arraigada no medio rural.



A súa vixencia queda constatada por diversos documentos da Inquisición no século XVI e comezos do XVII, mencionando xa a crenza, en Galicia, de ánimas errantes que non foron nin ao paraíso, nin ao inferno, nin ao purgatorio.

Risco considerou que o aspecto máxico da Compañía é só unha manifestación de relixiosidade fóra das normas e regras da relixión vixente, na que se atopan dunha banda o mundo da realidade, os lugares da parroquia, xente do pobo viva ou morta, e doutra banda referentes do imaxinario colectivo de códigos e símbolos culturais que vinculan a visión ao conceptual.

Non existe ningunha descrición consensuada sobre o que é a procesión. Cada testemuña da crenza, e son moitas, pode ter unha descrición diferente. De todos os xeitos, o fenómeno, explicado por aquel que o viu ou comunicado por outros, é sempre unha realización singular. A comitiva pode ser semellante á da cazaría salvaxe dirixida por Odín ou por un dos seus substitutos. A comitiva pode referirse á hoste antiga das ánimas en procesión. Sen esquecer que pode tamén ser unha derivación das procesións de meigas.

Hai aquel que ve a Santa Compañía e hai aqueles que se poden chamar os "crentes", que cren na súa existencia ou que a dubidan vivindo no ámbito da súa crenza. No relato, hai elementos da vida material que cada un pode recoñecer como unha realidade da súa vida cotiá (os lugares da parroquia, as casas, etc.), elementos que teñen unha realidade mental (as ánimas, os defuntos, etc.) así como elementos ficticios que só serven de decoración (o ambiente nocturno, as luces opacas, os murmurios inintelixibles, os corpos brancos e pálidos, etc.). Dentro dos elementos que teñen realidade mental pódense distinguir en aquelas ánimas da procesión que son de xente coñecida, vivos ou mortos, daqueles que son figuras sen relación cos veciños.

A procesión adoita ir encabezada pola persoa viva que porta entre as súas mans unha cruz e mais un caldeiro con auga bendita; tras el, varias ánimas con cirios acesos, non sempre visibles, sígueno. A súa presenza faise notoria no cheiro a cera queimada e no vento que se ergue ao seu paso.

O tema das procesións de mortos e/ou de ánimas é propio da literatura e das tradicións culturais da Europa occidental dende a Idade Media. E a zona xeográfica ibérica na que a Santa Compañía influíu máis notoriamente considérase que é o territorio correspondente á antiga Gallaecia, incluíndo o norte de Portugal e Asturias, xa que esta zona posúe características que a identifican como unha comunidade, reflectidas nos seus contos e na súa literatura testemuñal.

A persoa viva que precede esta procesión pode ser un home ou unha muller, dependendo de se o patrón da parroquia é santo ou santa. Ademais, o portador da cruz non pode en ningún momento volver a cabeza nin renunciar aos seus cargos precedendo á Santa Compañía. Só será ceibado cando atope a outra persoa polo camiño a quen lle entregar a cruz e mailo caldeiro, momento no que estoutro pasará a substituílo.

Para zafarse desta obriga de substitución, a persoa que vexa pasar á Santa Compañía debe trazar un círculo no chan e deitarse boca abaixo sen mirarlle á cara a ningún espírito. Mentres tanto, a persoa que leva a cruz e o balde vólvese máis branco e vai aldelgazando a cada paso que dá, ata que consegue darlle o caldeiro a outro.

O que si é comunmente aceptado é que a Compañía produce medo, xa que é considerada como sinal de morte. Pode ser porque a Compañía visita todas aquelas casas nas que axiña haberá un pasamento. Pode ser porque a Compañía necesita dun vivo que leve a cruz e anda ás portas pedindo compañía.

Malia que na maioría das historias a Santa Compañía realiza a súas aparicións de noite, hai tamén casos citados nos que se fala de saídas diúrnas.

A frecuencia pode ser de todas as noites á mesma hora como non. Cada visión é unha recreación e en cada localidade vai evolucionar segundo as necesidades socio-culturais do grupo onde está vixente.

Lisón Tolosona recolle en 1960 124 casos onde o motivo da procesión é para anunciar morte, 32 casos para facer penitencia e 31 casos para castigar. Os nomes para chamar a procesión están relacionados co motivo da súa existencia.

Outros nomes da Santa Compañía son as da noite, antaruxada, avisóns, avexón, enxamio, estadea, estantiga, estandiga, estadeiña, pantaruxada pantalla, procesión das ánimas, rolda, roldiña, visión, visita, xáns ou pantasma de vivos.



MÚSICA



ATLÁNTICO, de XOEL LÓPEZ

Tras poñer fin hai algún tempo á etapa Deluxe, Xoel recorreu América coa súa guitarra na procura de inspiración. A resultados dese viaxe musical naceu

este álbum, que gravou entre Bos Aires e A Coruña, contando con músicos dos dous lados do charco.

"Atlántico" é pop de autor con sabor latino, editado pola coruñesa Esmerarte.

A ONDA SONORA (CHEGA DO INTERIOR), de O SONORO MAXÍN

O sonoro maxín é resultado da escisión de Lamatumbá, de onde saíron o vocalista Ico, a acordeonista Cristina, o guitarrista Abraham "el niño" e o frautista Samuel, para sacar adiante un novo proxecto que, tras curtirse en centos de directos e de percurar un repertorio propio, presenta por fin o primeiro disco.

"A onda sonora (chega do interior)" mistura cumbia, rock, ranchera, bolero, vallenato, ska ou reggae-, para deleite dun público que en directo bailará e saltará con letras que cantan o desacougo e animan á loita cotiá.

Son e deseño de alto nivel para o verán 2012.



BLUE JIG, de RUAILLE-BUAILLE

O grupo Ruaille-Buaille (pronunciado 'rula-bula'), naceu en 2005. Tras estandarizar o seu repertorio e vestilo con arranxos, pasaron das sesións de música folk aos escenarios, e non

foron poucos os sitios da península onde tiveron a ocasión de actuar. Produto da primeira etapa do grupo foi a primeira gravación do grupo, /'ru:l 'bu:l / (pronounced "rula-bula"), gravación editada por Several Records que verá a luz en 2009.

Neste, o seu segundo traballo, "Blue Jig", percíbese claramente o novo rumbo que tomou a banda, e os non poucos cambios que acompañaron esta evolución.



A TRIBO TODA BAILA, de OS RESENTIDOS

Sae á luz o disco homenaxe aos Resentidos "A tribo toda baila", editado por Warner co que se celebran 30 anos dos seu nacemento. Trátase dun disco dobre que inclúe unha selección de dezanove temas versionados por bandas e artistas galegos, ademais das versións orixinais agora remasterizadas, recompiladas nun segundo volume.

A banda viguesa de pop-rock que nos 80 empregaba unicamente o galego recibe ao fin esta merecida homenaxe.

Os encargados de redescubrir os dezanove temas que se inclúen neste "A Tribo toda baila" son Metralletas Lecheras, Ataque Escampe, A Magnifique Band dos Homens Sen Medo, Safari Orquesta, Miki Nervio & the Bluesmakers, DasKapital, Emilio José, O Sonoro Maxin, Novedades Carminha + Antigüedades Alvarez, Ruxe-Ruxe, Roberto Sobrado, Orquesta Alma Latina, The Homens, Tony Lomba e Elio dos Santos, Os tres trebóns, Ultraqäns, El Puto Coke, Pulpiño Viascón e Transilvanians.

Para completar a edición, o segundo cedé ofrece as 18 orixinais remasterizadas e aquel Boca Seca mix de "Galicia canibal" que aparecía no compilatorio coa portada de Sargadelos.




UN RAMO DE ROSAS, de LUZ

Un ramo de rosas é un álbum recopilatorio de Luz, no que se inclúen tres novas cancións, gravadas nos estudos da Nouvelle Vague. Trátase dun recopilatorio que celebra tres décadas de

traxectoria profesional na cúspide da música popular española; unha oportunidade para unir algunhas pezas dese puzzle ecléctico e singular que supón a discografía de Luz e redescubrir un puñado de cancións que resisten con dignidade o peso do tempo e das modas.

LITERATURA

**A PERLA****Autor:** John Steinbeck**Galaxia****ISBN:** 9788498654172**Ano edición:** 2012

Este libro, que se publicou por primeira vez en 1948, ten hoxe a consideración dun clásico da literatura. Baseada nunha lenda mexicana, conta a historia dunha perla, grande coma un ovo de gaivota, tan fermosa e perfecta como a lúa,

que un día cambia dun xeito radical a vida de Kino e da súa familia. Dende entón, o propio Kino, a súa muller Juana e Coyotito, o fillo de ambos, vanse ver afectados pola posesión desta perla. A sorte desta familia humilde é seguida polo lector co dramatismo que Steinbeck lle imprime ao seu relato.

O SABRE DO FRANCÉS**Miguel Ángel Fernández****Galaxia****9788498654233****Ano edición:** 2012

Libro de relatos sobre a dramática loita dos galegos contra as tropas napoleónicas na Afrancesada de 1809. En O sabre do francés, o creador da serie do detective Frank Soutelo achégase ao relato histórico combinándoo por veces coa narración de aventuras e fantástica. Moitas das historias aquí reunidas xurdiron a partir de feitos reais recollidos por cronistas e historiadores, e mesmo conservados na tradición oral.

**ENGURRAS****Autor:** Paco Roca**El patito****ISBN:** 9788493943400**Ano edición:** 2012

Emilio, un antigo executivo bancario, é internado nunha residencia de anciáns pola súa familia tras sufrir unha crise de Alzheimer. Ali, aprende a convivir cos seus novos compañeiros -cada un cun


cadro "clínico" e un carácter ben distintos- e cos cuidadores que lles atenden.

Emilio adentrase nunha rutina diaria de cadencia morosa con horarios prefixados e no seu pulso coenfermidade para intentar mantr a memoria e evitar ser trasladado á última pranta, a dos impedidos, conta coa axuda de Ernesto, o seu compañeiro de habitación...

Paco Roca aborda en Engurras temas delicados, ata o de agora escasamente tratados en historieta, como son o Alzheimer e a demencia senil. E vaino facer dun xeito intimista e sensible, non exento de pinceladas de humor.

LA COCINA DE TOTO MURUBE**Pablo Acevedo Otero****Kalandraka****9788484647881****Ano edición:** 2012

Verbas que alimentan non só o estómago, senon tamén a intelixencia. Pasou de vagar polas rías a convertirse no prestixioso cocineiro dun restaurante creativo. Que hai de menú? Cocido de madroños, garabatas á prancha, peras en verso...




CENTRO RIVEIRA

Pilates

Un entrenamiento más equilibrado y compensado.
El resultado se aprecia en pocas semanas

Fisioterapia-Osteopatía

Las manos exploran y tratan, nos ofrecen la información más fiable

**Clínica Centro**

www.centrodefisioterapiaypilates.com

SANTIAGO DE COMPOSTELA C/ La Rosa 22-Tif 981574600 902116536

RIVEIRA C/ Nueve de agosto 12- Tif. 981875067 NOIA C/ Arximiño Suárez 2-Tif 981820992

BOIRO C /Derechos Humanos 11- Tif 981844253 MUROS C/ Calle Real 12-Tif 981827412

DE PASEO POR RIANXO



Rianxo, cos seus preto de 12.000 habitantes, é a a terceira maior localidade da comarca, despois de Ribeira e Boiro. Mariñeiro e hospitalario, Rianxo ten dado a Galicia grandes intelectuais, sen os que non se podería entender a nosa historia recente.

Situado na marxe dereita do río Ulla e da ría de Arousa, a uns 50 km de Compostela, a vila de Rianxo destaca polo seu atractivo turístico, cultural e paisaxístico. Rianxo tamén destaca polo seu patrimonio arqueolóxico e cultural. Na vila atópanse numerosas mámoas como Os Campiños, petróglifos, castros como o do Castriño, o das Sercas ou o de Traba; ademais de igrexas, capelas, ermidas, pazos, hórreos e máis de 118 cruceiros catalogados.

Na parroquia rianxeira do Araño atópase o maior hórreo de toda Galicia, en canto a lonxitude e capacidade.

Na alameda destácase a capela de Nosa Señora de Guadalupe, de 1561. O santuario acolle unha imaxe da Virxe de Guadalupe realizada no s. XVII, en cartón-pedra. A Virxe de Guadalupe preside as festas máis importantes de Rianxo, celebradas en setembro, tendo lugar na madrugada do derradeiro día de festas, á luz de 80.000 bengalas, o canto da "Rianxeira", canción composta nos anos 40 por dous emigrantes rianxeiros en Bos Aires.

A Praza Castelao van dar a Rúa de Arriba, a Rúa do Medio e a Rúa de Abaixo, na que naceron ou viviron tres dos máis ilustres rianxeiros de todos os tempos: Castelao (1886-1950), Manuel Antonio (1900-1930) e Rafael Dieste (1899-1981).

Unha vez no porto, podemos recorrer o Paseo de Manuel Antonio, nos que se atopan os monumentos na honra de Castelao, Rafael Dieste, Manuel Antonio e Rosalía de Castro, desembocando no antigo porto de Setefogas.

Camiñando hacia o final da zona portuaria, podemos coller o sendeiro que nos conducirá ata a praia de Tanxil. Presidido polo Pazo de Baltar e o pequeno e antigo porto, Tanxil posúe unha extensa e ben equipada praia, desde a que poderemos disfrutar dunha excepcional vista da ría de Arousa, enmarcada polos montes pontevedreses e a Serra do Barbanza.



OLVÍDESE DE LAS HUMEDADES

MURPROTEC LLEVA 56 AÑOS REALIZANDO CON TOTAL ÉXITO IMPERMEABILIZACIONES QUE LE PERMITEN GARANTIZAR SUS TRATAMIENTOS HASTA 30 AÑOS

Tanto de forma particular como colectiva a través de, por ejemplo, un administrador, cuando buscamos una solución definitiva y garantizada del problema de las humedades es fundamental contar con profesionales, ya que, en la mayoría de las ocasiones, se opta por una solución estrictamente estética de albañilería, sin pensar en algo definitivo.

Se revisten los muros y tabiques, una y otra vez con productos que prometen ser mágicos y siempre acaban deteriorándose de nuevo, con la consiguiente pérdida de tiempo, trastorno para los afectados, gasto económico, daños en el mobiliario

**LA VISITA Y EL
DIAGNÓSTICO SON
GRATUITOS**



Bando 1934



e incluso afección estructural en el caso de muros de carga.

MURPROTEC, como empresa líder del sector en Europa y España, lleva 56 años realizando con total éxito impermeabilizaciones en edificios de toda tipología, para lo que ha desarrollado unos sistemas de trabajo personalizados en función de la patología de la humedad, que les permite ofrecer garantía total en todas sus inter-

vencciones, por lo que garantizan sus tratamientos hasta 30 años.

Capilaridades, condensaciones, filtraciones en sótanos..., sus 7.450 obras anuales son su mejor carta de presentación, demostrando la confianza que depositan muchas personas, comunidades de vecinos o empresas. Además, la visita y el diagnóstico son gratuitos y sus tratamientos se pueden financiar hasta en 48 meses.

Con una llamada, MURPROTEC pondrá en marcha la total eliminación de las humedades:

- 1.- Visita de un técnico especialista que diagnosticará la causa de la humedad y propondrá la solución adecuada con garantía.
- 2.- Visita del jefe de obra responsable de la misma para la realización del control técnico y toma de muestras de mampostería para su análisis en laboratorio.
- 3.- Aplicación de los productos elaborados según muestras realizadas exclusivamente por MURPROTEC.
- 4.- Entrega de garantía y control de secado (prueba de hermeticidad).

MURPROTEC

Llama al
900 30 11 30

y olvídate de
las humedades

www.murprotec.es

TRATAMIENTOS CERTIFICADOS POR:



ethias





OLLOS QUE NON VEN...

Un de cada tres galegos padece un problema visual sen corrixir ou deficientemente corrixido, pese a que é susceptible de ser resolto. Segundo diferentes investigacións o 32% dos cidadáns é miope, o 60% ten astigmatismo, o 10% é hipermetrope, o 75% sofre alteracións visuais e o 10% ten defectos cromáticos, e pódese afirmar que o número de problemas relacionados coa visión vai medrar co paso dos anos.

Os tres erros refractivos máis habituais son: a miopía (visión curta), a hiperopía (hipermetropía) e o astigmatismo. Estas imperfeccións pódense corrixir cirúrxicamente con LASIK, LASIK personalizado, PRK e outros procedementos de corrección da visión. A presbicia, un trastorno refractivo que aparece coa idade, pódese tratar mediante a monovisión con LASIK e a colocación de lentes implantables e a queratoplastia condutiva.

Que é un erro refractivo?

O termo erro refractivo refírese a un trastorno no que o ollo ten unha forma irregular que fai que a luz non se concentre na zona correcta da retina. Os erros refractivos ocasionan diversos graos de visión borrosa, pero se poden tratar con anteollos, lentes de contacto e cirurxía refractiva. Os tipos máis habituais de erros refractivos son a miopía, a hiperopía e o astigmatismo.

A miopía, ou visión curta, maniféstase como consecuencia dunha forma irregular da córnea. Esta forma estraña fai que os raios de luz se centren diante da retina, en lugar de facelo directamente na retina. Os pacientes miopes teñen unha visión clara dos obxectos próximos, pero os obxectos distantes poden ser confusos.

A hiperopía, ou hipermetropía, prodúcese debido á forma irregular da córnea, que fai que a luz se centre detrás da retina, en lugar de facelo directamente nela. As persoas hipermétropes teñen inconvenientes en ver obxectos de preto, pero distinguen os obxectos lonxanos con total claridade.

O astigmatismo é o trastorno ocular máis frecuente. Nel, a forma do ollo parécese máis a un balón de fútbol americana que a un de baloncesto. Esta forma estraña fai que a luz se centre en dous puntos da retina, en lugar dun.

A miúdo, o astigmatismo está acompañado por miopía ou hipermetropía. Se este é o caso, ámbolos dous erros refractivos pódense tratar de forma simultánea.

A presbicia, pola súa parte, é un trastorno ocular que aparece coa idade e dificulta a capacidade do ollo para enfocar obxectos próximos. Xeralmente, comeza a afectar aos pacientes entre os corenta e os cincuenta anos. Na actualidade, a presbicia pode tratarse de diferentes maneiras.

TRATAMENTOS CON LÁSER



O método LASIK é o máis firme aliado de quen desexe dicir adeus ás gafas. O LASIK (Laser In Situ Keratomileusis) é unha técnica cirúrxica que consiste na utilización de láser para moldear a córnea de forma definitiva, e así corrixir os defectos de refracción máis comúns (miopía, hipermetropía e astigmatismo).

A fiabilidade deste tratamento e a significativa rebaixa no seu prezo, converteuno nunha das opcións máis demandadas para solucionar os problemas de visión. De feito, en España existen xa máis de medio millón de persoas operadas, e tan só no último ano, realizáronse 242.000 tratamentos no noso país. O LASIK ofrece múltiples vantaxes desde o punto de vista do paciente, xa que é indolora (realízanse con anestesia local con gotas), cómoda (en poucos minutos e sen hospitalización) e de rápida recuperación (o paciente pode volver á súa actividade cotiá ao día seguinte da intervención).

Sen embargo, non todas as persoas son aptas para someterse a esta cirurxía. Os pacientes ideais son aqueles que nos últimos anos non sufriron un aumento do problema visual, posúen unha boa saúde ocular, teñen un axeitado grosor corneal, e non teñen unhas dioptrías moi elevadas. O límite de dioptrías está en 12 para os miopes e 6 para hipermétropes e astigmáticas.


Ademais da primeira consulta, hai outros dous factores adicionais para o éxito da operación: a tecnoloxía e equipos utilizados tanto no diagnóstico como na intervención, e por suposto a experiencia específica do oftalmólogo na técnica LASIK.

Presbicia

A presbicia é unha patoloxía visual na que a lente do cristalino do ollo comeza a endurecerse e a perder flexibilidade, o que fai máis difícil poder enfocar os obxectos próximos. A presbicia soe manifestarse arredor ou despois dos 40 anos, motivo polo cal en ocasións é coñecida como hipermetropía relacionada coa idade.

Se vostede sofre de presbicia, verá as verbas borrosas cando esté lendo, e é posible que necesite máis luz, ou luz máis brillante, para poder ver claramente de noite. As persoas con presbicia comezan a experimentar dificultades para ler xornais, libros, menús e demais obxectos a curtas distancias, aínda cando gozaran dunha visión perfecta toda a vida. Moitos pacientes tamén poden experimentar dor, fatiga e dor de cabeza como resultado do esforzo adicional ao que someten os ollos.

As persoas con presbicia leve en ocasións optan por non utilizar lentes correctivas, pero os que presentan presbicia de moderada a grave necesitarán buscar algún tratamento para poder ler e desempeñar outras actividades diarias.



A presbicia é parte do proceso de envellecemento natural e non se pode previr. Sen embargo, é posible que as persoas que pasan moito tempo fronte ao monitor dunha computadora ou realizan tarefas que requiren esforzo visual a curta distancia teñan síntomas máis graves máis rapidamente. Se vostede realiza tarefas que requiren esforzo visual a curta distancia, debe tomar descansos frecuentes para concentrar os ollos en obxectos lonxanos. Isto pode servir como axuda para evitar a aparición de presbicia de forma prematura.

VIGO

Ata o 31 de AGOSTO
C. S. NOVACAIXAGALICIA
**COORDENADAS NA
ARTE GALEGA
CONTEMPORÁNEA**



Os fondos de arte de Novacaixagalicia e Novagalicia Banco únense por primeira vez na moi recomendable exposición "Coordenadas na arte galega contemporánea". A mostra reúne 60 traballos realizados ente os séculos XX e XXI, obras clásicas e adquisicións moi recentes, asinados por 52 creadores galegos da categoría de Germán Taibo, Francisco Leiro, Darío Álvarez Basso, Vicente Prego, Antón Pulido, Jorge Perianes, Pilar Alonso, Ramón Trigo, Manolo Paz ou Fernando Casás.



TYPE IN MOTION

A CORUÑA

Ata o 23 de setembro
Fundación Barrié de
la Maza
TYPE IN MOTION


Da man da Fundación Barrié chega a España por primeira vez "Type in Motion", unha exposición do Museum für Gestaltung Zürich (Museo do Deseño de Zurich). A través de case 120 obras analízanse os novos xeitos de "ler no mundo", grazas a vídeos musicais, secuencias de títulos de longametraxes ou instalacións en tres dimensións.

Andrés Janser, Conservador do Museum für Gestaltung Zürich, comisaria unha mostra integrada polo traballo de máis de 80 deseñadores.

LUGO Centro Sociocultural Novacaixagalicia ISAAC DÍAZ PARDO

Lugo recibe no seu Centro Sociocultural Novacaixagalicia a exposición "Isaac Díaz Pardo. Fondos das coleccións Novagalicia Banco e Novacaixagalicia", unha recopilación de 35 obras do intelectual galeguista, entre lenzos, estudos preparatorios, bocexos e debuxos que nos permiten disfrutar da esencia artística dese "xigante infinito" que foi Isaac Díaz Pardo.

Díaz Pardo realizou una curta pero destacada traxectoria plástica, que abandonou a finais da década dos corenta para adicarse en corpo e alma ao proxecto da restauración de Sargadelos, que aunaba industria, deseño e cultura a un tempo.





SANTIAGO DE COMPOSTELA

Ata o 15 de decembro. Prezo: 4€. Reducida: 2€.

CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

GALLAECIA PETREA

Gallaecia Petrea reúne, por vez primeira, as obras máis significativas feitas en pedra en Gallaecia, a actual Galicia e o Norte de Portugal, xunto a zonas limítrofes asturianas: as terras comprendidas entre os ríos Douro e Navia. Un territorio xeográfico marcado pola presenza da pedra desde a fin do Mesozoico, hai 200 millóns de anos; un territorio político-social ordenado desde a época romana; unhas fronteiras que se desprazaron lixeiramente segundo os avatares da historia, ata quedar definidas na Baixa Idade Media. Confrontar obras realizadas nese territorio durante o mesmo período é a mellor maneira de certificar unha intensa relación a partir da cal se entenden analogías, ánimos, propostas e proxectos comúns.

No territorio de Gallaecia, a presenza dominante do granito e a lousa non oculta a recorrencia a outras pedras para realizar obxectos, incluíndo algunhas importadas, incorporadas no sentir popular case como propias, caso do acibeche. Moi significativo resulta que o proceso de traballo das máis tradicionais apenas variase, mentres novas técnicas, reflexiónes e linguaxes construtivas permitiron a incorporación doutros materiais, ata chegar, na época moderna e contemporánea, á utilización da pedra artificial ou á pintura que simula a aparencia de pedra.



PONTEVEDRA

Ata o 31 de agosto.

Museo de Pontevedra

MOTOS HISTÓRICAS. CEN ANOS SOBRE RODAS

Ata o 31 de agosto exhibese no Edificio Sarmiento 58 motos –dun total de 131– do coleccionista pontevedrés Manuel Gómez González, co que colabora o seu fillo Rubén.

As motos que se amosán abarcan cronolóxicamente desde finais do século XIX hasta finais do XX.

Destacan un dos primeiros triciclos realizados en serie por De Dion Bouton en 1897, unha Griffon de 1902 ou unha Monet Goyon de 1922, que resolvía, condicionada pola súa escasa potencia, o uso do sidecar fabricándoo nun material tan lixeiro coma o bimbio. Xunto as míticas Harley Davidson e Indian, pódese ver a FN Sáhara, a primeira moto capaz de cruzar o deserto do Sahara en 1927; máquinas españolas tan emblemáticas como Montesa, Ossa ou a invencible Bultaco; e as xoias da colección: trece motos monocilíndricas saídas da fábrica bávara BMW, serie completa única no mundo.

Esta exposición supón unha ocasión única para contemplar estas pezas completamente restauradas polos coleccionistas e os seus equipos.

DIRECTORIO

SERVIZOS E TELÉFONOS DE INTERESE DA COMARCA

Boiro

ORGANISMOS MUNICIPAIS

Casa do Concello	981 844 800
Servizos Sociais	981 849 960
Oficina de Recadación	981 848 601
Xulgado de Paz	981 844 129
Instituto Social da Mariña	981 845 000
Confraría de Cabo de Cruz	981 845 199
Praza de Abastos de Boiro	981 844 754
Federación Empresarios do Barbanza	981 848 216
Parada de Taxis	981 844 084
Correos e Telégrafos	981 845 714

DEPORTES

Complexo Deportivo A Cachada	981 842 677
------------------------------	-------------

EMERXENCIAS E SEGURIDADE

Guardia Civil	981 849 980
Policia Local	981 848 484
Protección Civil	610 558 383
Ambulancias	981 844 800
Emerxencias	112
Urxencias Médicas	061
Hospital Comarcal do Barbanza	981 835 901
Centro de saúde	981 842 770
Centro médico de Barraña	981 842 770
Centro médico de Cabo de Cruz	981 845 199
Cruz Vermella	981 846 454

OUTROS

Casa da Cultura	981 844 825
Centro Social de Boiro	981 842 635
Centro Social de Escarabote	981 849 950

Pobra do Caramiñal

ORGANISMOS MUNICIPAIS

Casa do Concello	981 843 280
Capitanía Marítima	981 830 140
Instituto Social da Mariña	981 831 122
Confraría de Pescadores	981 830 107

EMERXENCIAS E SEGURIDADE

Guardia Civil	981 830 136
Policia Local	981 843 360
Emerxencias Xerais	112
Urxencias Médicas	061
Hospital Comarcal do Barbanza	981 835 901
Centro de Saúde	981 832 478

OUTROS

Centro Social	981 832 753
Biblioteca Municipal	981 831 633

Santa Uxía de Riveira

ORGANISMOS MUNICIPAIS

Casa do Concello	981 871 050
Delegación de Facenda	981 872 500
Capitanía Marítima	981 871 040
Lonxa de Riveira	981 871 033
Lonxa de Aguiño	981 840 151
Confraría de Riveira	981 870 962
Confraría de Aguiño-Carreira	981 840 151

EMERXENCIAS E SEGURIDADE

Guardia Civil	981 871 003
Comisaría de Policía	981 870 108
Policia Municipal	981 871 178
Protección Civil	981 871 050
Ambulancias	981 841 529
Emerxencias	112
Urxencias	061
Hospital Comarcal do Barbanza	981 835 901
Centro de Saúde	981 874 131
Centro Médico de Corrubedo	981 855 902
Centro Médico de Palmeira	981 838 632
Centro Médico de Aguiño	981 841 818
Cruz Vermella	981 870 005

OUTROS

Casa da Cultura	981 835 650
Biblioteca Municipal	981 873 250

Rianxo

EMERXENCIAS E SEGURIDADE

Casa do Concello	981 860 075
Servizos Sociais	981 860 061
Oficina de Recadacion Municipal	981 866 661
Xulgado de Paz	981 860 653
Instituto Social da Mariña	981 860 587
Liceo Marítimo Rianxeiro	981 860 101
Confraría de Pescadores	981 860 477
Asociación Rianxeira de Empresarios	981 866 312
Asociación de Produtores Mexiloneiros	981 860 602
Parada de Taxis de Rianxo	981 860 236
Parada de Taxis de Taragoña	981 861 212
Oficina de Correos de Rianxo	981 860 553
Oficina de Correos de Taragoña	981 861 704
Oficina de Correos de Isorna	981 869 110
Oficina de Correos de Asados	981 861 511
Oficina de Correos de Araño	981 861 058

EMERXENCIAS E SEGURIDADE

Guardia Civil	981 860 023
Policia Local	981 860 023
Ambulancias	981 860 625
Emerxencias Xerais	112
Urxencias Médicas	061
Hospital Comarcal do Barbanza	981 835 901
Clínica de Urxencias	981 860 148
Clínica Santa Columba	981 866 212
Clínica Casa del Mar	981 860169
Centro de Saúde	981 860 173
Centro Médico de Taragoña	981 863 226
Centro Médico A Coviña	981 861 593

OUTROS

Casa da Cultura	981 866 663
Biblioteca Pública Municipal	981 860 272
Banda de musica de Rianxo	620 390 534
Banda de gaitas Buxaina de Taragoña	981 866 036

DEPORTES

Club Náutico de Rianxo	981 860 620
------------------------	-------------

COUSAS DE

SI QUIERES TRABAJAR CON NOSOTROS...
ENVÍA TU CV A cousasde@galicia.com





ORGANISMOS OFICIAIS

A Coruña e provincia

Oficina de Información e Turismo da Coruña	981 221 822
Oficina de Turismo de Santiago de Compostela	981 584 081
Oficina de Turismo do Ferrol	981 311 179
Oficina de Turismo de Ribeira	981 873 007
Deputación Provincial da Coruña	981 183 300
Delegación do Goberno na Coruña	981 122 425
Goberno Civil	981 228 888
Axencia Estatal de Administración Tributaria	981 145 231
Servizo de Vixilancia Aduaneira	981 228 778
Xerencia Territorial do Ministerio de Xustiza	981 246 231
Colexio Oficial de Farmaceuticos	981 223 014
Fondo de Garantía Salarial	981 222 208
Demarcación de Galicia	981 248 355
Servizo de Enerxía e Minas	981 184 961
Servizo de Administración Industrial	981 184 906
Delegación Territorial da Xunta de Galicia	981 182 342
Audiencia Provincial Penal	981 182 074
Xefatura Territorial	981 184 904
Asociación de Autónomos de Galicia	981 151 453
Asociación de Artistas	981 225 277
Asociación da Prensa da Coruña	981 223 486

EMERXENCIAS E FORZAS DE SEGURIDADE

A Coruña e provincia

Emerxencias - S.O.S Galicia	112/900 444 222
Policia Nacional	091/981 241 100
Policia Local	092
Teléfono Policia Autonómica	981 153 410
Guardia Civil	062/981 657 351
Protección Civil	981 220 102
Cruz Vermella	981 222 222
Seguridade Social	981 231 842
Ambulancias	061
Bombeiros	981 295 555
Salvamento Marítimo	900 424 222 / 981 227 402
Axuda na Estrada	91 742 1213
Teleruta	900 123 505

SAUDE

A Coruña e provincia

Urxencias Médicas	061
Juan Canalejo-Marítimo de Oza (A Coruña)	981 178 000
Arquitecto Marcide (O Ferrol)	981 334 000
Materno Infantil Teresa Herrera A Coruña)	981 178 000
CHUS (Santiago de Compostela)	981 951 700
Profesor Gil Casares (Santiago de Compostela)	981 540 000
Xerais	
Axuda ao menor, S.O.S. Galicia	900 444 222
Centro de Transfusións Sanguíneas de Galicia	981 594 422
Asociación Española Contra o Cancro	900 100 036
Información sobre a Sida	900 111 000
Mulleres maltratadas	902 197 197

OUTROS ORGANISMOS

Fenosa (Averías)	901 380 22
Repsol Butano	900 506 070
Renfe (información xeral)	902 240 202
ONCE	981 206 900

AEROPORTOS

Aeroporto de Alvedro (A Coruña)	981 187 200
Aeroporto de Lavacolla (Santiago de Compostela)	981 547 500
RENFE-FEVE A Coruña	902 240 202
Compañía do Tranvía A Coruña	981 239 099

ESTACIÓNS DE TREN

Santiago	981 820 202
A Coruña	981 150 202
Pontevedra	986 851 313
Vilagarcía	902 240 202
Vigo	986 431 114

ESTACIÓNS DE AUTOBUSES

A Coruña	981 184 335
Carballo	981 700 195
Ferrol	981 328 233
Noia	981 824 780
As Pontes	981 451 958
Santiago de Compostela	981 542 416

TELÉFONOS DE CANDELACIÓN DE TARETAS BANCARIAS DE ESPAÑA

4B-VISA Electron-Master Card-VISA	902 114 400 / 913 626 200
Dinner's Club	902 401 112
Servired (VISA-VISA Electron-Master Card)	902 192 100
American Express	902 375 637
Red 6000	915 965 335
Caja Madrid	902 246 810
El Corte Inglés	901 122 122

Rúa de... Castelao

Nado en Rianxo o 30 de xaneiro de 1886 e finado en Bos Aires (Arxentina), o 7 de xaneiro de 1950, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao está considerado o Pai do nacionalismo galego. Narrador, ensaísta, dramaturgo, debuxante e político galego, chegou a ser a figura máis importante da cultura galega do século XX.

Tiña Castelao tres anos cando emigrou á Pampa arxentina, onde medrou entre a morriña pola Terra e a admiración pola efervescente cultura daquel país, en particular pola caricatura política nas páxinas de "Caras y Caretas".

De volta á península, ao nacer o século XX, estudou o bacharelato de artes e medicina, pero os seus graves problemas oculares levárono á literatura, ña pintura e ao humor gráfico en detrimento da medicina.

Expuxo os seus primeiros debuxos en 1908 e xa daquela comezaron as súas colaboracións con Vida gallega. Asemade, participou como debuxante en "El cuento semanal", "El barbero municipal", e desde 1912 en "El Liberal", "El gran bufón", "La ilustración gallega y asturiana", "Mi tierra" e "La Voz de Galicia" (de Bos Aires).

Tras obter unha praza no Instituto Geográfico Estadístico de Pontevedra, reafirmouse como pintor e ilustrador e comezou a súa máis brillante etapa como debuxante.

En 1931, tras ter viaxado, estudado e perdido ao seu único fillo, foi nomeado deputado das Cortes Constituíntes da Segunda República, mantendo ao mesmo tempo unha importantísima actividade como escritor (por exemplo en "A Nosa Terra").



O seu libro "Sempre en Galiza" está considerado coma un dos emblemas do nacionalismo galego, e o seu libro "Nós" (de 1931), constitúe unha das antoloxías humorísticas máis importantes publicadas en España, na que se aprecia o seu humor certoiro, especialmente preocupado pola situación dos nenos e das mulleres, contrario ao caciquismo maila opresión, e comprometido politicamente contra os males das guerras.



Entre 1933 e 1935, foi desterrado por medio dun traslado administrativo forzoso a Badaxoz; exiliándose trala vitoria de Franco en Nova York primeiro e máis tarde na

Arxentina, onde morrería a consecuencia dunha grave enfermidade pulmonar con 63 anos.

En 1984, os seus restos mortais foron repatriados e trasladados ao Panteón de Galegos Ilustres, no convento de San Domingos de Bonaval (de Santiago), coincidindo co aniversario do plebiscito que aprobou o Estatuto de Galicia.

López de Neira 3 Of. 301 36202 Vigo - Pontevedra T: 986 447 337 Fax: 986 449 78

Proporcionamos apoyo a empresas y profesionales.



Es la respuesta adecuada para las necesidades de las empresas y profesionales, para lograr una mayor agilidad de acción de negocio, minimizando los gastos fijos y sin ningún tipo de inversión.

¿Tienes una empresa y quieres dar una imagen profesional?

Estamos en la planta 3ª del edificio "Puerta Príncipe", en cuyo interior se albergan 11 despachos y 1 sala de reuniones, así como un Aula, totalmente equipadas y de diferentes tamaños orientados a las necesidades del cliente.

Soluciones flexibles a sus necesidades.

En nuestro Centro usted encontrará el ambiente más adecuado para el desarrollo de su actividad profesional o empresarial.



Worldwide beach equipment supplier

www.beach-trotters.com



The performance on the beach